

## Outras obras que non chegaron a nós

As únicas obras que perduraron son as depositadas pola familia no arquivo da Real Academia Galega. Porén, sabemos doutras composicións que aparecen citadas na prensa da época e en programas de concertos, tales como *El Círculo*, *El Canto de la Florinda*, *El Triunfo*, *Noche de Leyendas*, *Por unha Fanega*, *Romanzas*, *O Rexurdimento*, ou *Alborada*, o que reflicte a grande actividade creativa que levaron a cabo os irmáns Mato.

## A ledicia de Vilalba

Nuns tempos nos que a música tiña que ser tocada ao vivo, a importancia dos que se adicaban e ela era moito maior ca na actualidade. A vida era dura e as festas eran, con moito, os momentos máis importantes do ano. A música e o baile constituían unha parte imprescindible para calquera celebración.

Na nosa vila, a formación da Banda de Música foi un feito moi destacado: amenizou todo tipo de actos, festas e romarías ao longo de decenios e tocou no quiosco da música da Alameda todas as semanas. Neses bailes coñecéronse os nosos devanceiros, formáronse novas parellas, e toda a veciñanza viviu intensamente a ledicia da festa.

Santiago Mato Vizoso fundou unha longa dinastía de músicos que acadaron éxitos profesionais e artísticos e que chega aos nosos días. Foi unha figura senlleira na historia musical vilalbesa, non valorada dabondo e esquecida ao paso do tempo.

Hai cen anos, tal día coma hoxe, *El Heraldo Gallego* daba a triste nova do pasamento do que foi pai da música en Vilalba, tanto pola importancia e a época das iniciativas que liderou como pola cantidade de músicos que se formaron ao seu carón. É esta a mellor ocasión para dar a coñecer a súa vida e a súa obra, como patrimonio cultural que é da nosa vila.

Vilalba, 22/02/2025  
Homenaxe a Santiago Mato Vizoso



Anuncio publicado en El Eco de Vilalba, 1910. Arquivo IESCHA

## PROGRAMA MUSICAL

### Banda de Música de Vilalba e Coral Polifónica Vilalbesa

- **El Repatriado (o Juan Soldado)**
  - Música: **Santiago Mato Vizoso**
  - Letra: **Manuel Mato Vizoso**
  - Adaptación: **Dani Veiga**
    - Coro de Introducción
    - Vals
    - Coplas de las Hilanderas
    - Coro y Dúo

### Banda de Música de Vilalba

- **Os Cantares de Vilalba**
  - Música: **Santiago Mato Vizoso**
  - Adaptación: **Dani Veiga**

### Banda de Música de Vilalba e Banda de Gaitas "Mato Vizoso"


- **Muiñeira no Adro**
  - Música: **Santiago Mato Vizoso**
  - Adaptación: **Dani Veiga**



Romeiros bailando o agarradiño. Arquivo P. Gaita

# HOMENAXE A SANTIAGO MATO VIZOSO

Acto de colocación da Placa dando o seu nome ao Conservatorio de Vilalba



Unhas palabras sobre  
**Santiago Mato Vizoso**

Intervención de  
**XOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ CARREIRA**


Participación musical de

**BANDA DE MÚSICA DE VILALBA  
CORAL POLIFÓNICA VILALBESA  
BANDA DE GAITAS "MATO VIZOSO"**

CESIÓN POR PARTE DO IESCHA AO POBO DE VILALBA DO PIANO DE SANTIAGO MATO VIZOSO (DOADO POR PEPA BAAMONDE) QUE SERÁ COLOCADO NO VESTÍBULO DO AUDITORIO MUNICIPAL

**SÁBADO 22 DE FEBREIRO DE 2025-20:00  
AUDITORIO MUNICIPAL DE VILALBA**

Entrada de balde. Reserva de localidade en <https://entradasvilalba.es>



## SANTIAGO MATO VIZOSO

### A música en Vilalba entre dous séculos



Banda de Vilalba, contra 1900. Á dereita, con bombín, Santiago Mato Vizoso (Arquivo IESCHA)

**Santiago Mato Vizoso** (1854-1925) foi un músico e reloxeiro vilabés que compuxo, xunto co seu irmán Manuel, obras teatrais e corais en galego entre finais do século XIX e comezos do XX.

A súa profesión de reloxeiro, herdada do seu pai, deulle estabilidade económica para adicarse á música, a súa grande paixón. Neste ámbito realizou todo tipo de actividades: recolleita de pezas populares; composición; interpretación de piano, harmonio e órgano; dirección de orfeóns, coros e orquestras; e tamén, dirección da Banda Municipal e de diversas formacións de música sacra.

Santiago foi un home do seu tempo, ben informado, participe das inqedanzas culturais do país e, durante toda a súa vida, principal dinamizador musical da sociedade vilabesa, que marcou un antes e un despois na historia musical da vila.

### A súa obra

En 1882, aos 28 anos, funda e dirixe o *Orfeón Villabés*, para o que compón varias obras. En 1884 o concello aproba o regulamento da *Banda Municipal de Vilalba*, da que será director durante toda a súa vida, e onde se formarán varias xeracións de músicos.

Nos anos finais do século XIX os irmáns Mato compoñen varias das súas obras máis coñecidas que, grazas ás achegas da familia ao arquivo da Real Academia Galega, chegaron a nós. En todas elas, Santiago será o compositor da música e Manuel encargárase do texto.

### *Maruxa ou Os Cantares de Villalba* (1897)

É unha das súas obras máis coñecidas e celebradas, escrita para orfeón e baseada en aires populares vilabeses recollidos por Santiago.

A obra ambiéntase entre asuntos amorosos da xente nova, mesturados con temas máis graves: as levas de mozos para ir á guerra de Cuba -unha auténtica sangría neses anos- ou a chegada de indianos fahendosos e prepotentes, sempre en contraposición aos que quedaran na Terra, que presentan como depositarios da autenticidade, da nobreza e dos valores tradicionais.

Foi programada en numerosas veladas músico-teatrais que se celebraron no primeiro terzo do século XX. Máis adiante fíxose unha transcripción instrumental para banda que foi interpretada durante anos e que chegou aos nosos días conservada pola rama compostelá da familia Mato.

### *A contribución á Colección Sampedro de música tradicional galega* (1898)

A maioría dos aires populares recollidos por Santiago que aparecen nos *Cantares de Villalba*, xunto con algúns máis, foron enviados a Casto Sampedro Folgar (1848-1937) para formar parte da colección que estaba a recompilar e que deu lugar, anos despois da súa morte, ao *Cancionero Musical de Galicia*, obra fundamental da cultura tradicional galega.

Deste xeito, a gran maioría das pezas vilabesas que aparecen nos cancioneros históricos galegos foron recollidas por Santiago na nosa vila e na súa contorna.

### *Juan Soldado ou El repatriado de Cuba* (1899)

Un ano despois do *Desastre do 98*, no que España perdeu fronte a Estados Unidos as derradeiras colonias -Cuba, Puerto Rico e Filipinas-, os irmáns Mato estrean esta obra, un propósito teatral, de plena actualidade na altura.

O argumento trata temas que xa apareceran en *Cantares de Villalba*: a guerra de Cuba e os retornados, a xenreira contra os ianquis e a chegada dos indianos, co seu desprezo pola lingua e usos do país; sempre como contrapunto aos que quedaron na Terra, depositarios dos valores tradicionais e auténticos.

### *A Noite de Navidade* (1900)

Esta é unha comedia que consta dun único acto dividido en 15 escenas, con 3 intervencións musicais. Ambiéntase no nadal e trata dos amoríos mozos, onde intervén Gil, un rapaz castelán, que tenta namorar á protagonista, Margarida. Ao final é o galego Bértalo quen casa coa rapaza e a obra remata felizmente cando pais e fillos aceptan o casamento.

Nesta obra, os irmáns Mato tratan temas importantes que aparecen nas súas obras: as diferencias de clase; o contraste entre a aldea, a vila e a cidade; e a defensa da lingua galega e da nosa cultura tradicional.

Reivindican incluso o vello baile da muiñeira fronte aos novos bailes importados que se estaban a poñer de moda, contra os que tamén clamaron numerosos intelectuais da época como Emilia Pardo Bazán, Casto Sampedro e outros. Era o triunfo dos bailes *agarrados*, contra os que as nosas danzas tradicionais -muiñeiras, xotas- todas elas *soltas*, tiñan pouco que facer.

En 1914, instálase o novo órgano na igrexa de Santa María. A súa adquisición fora promovida por Santiago, que sería en diante o músico responsable de tocalo nas funcións relixiosas. Na súa faceta de reloxeiro, xa se encargara de instalar o reloxo da torre, en 1893, cando se inaugurou o novo templo.

### *Primeiro presidente da Irmandade da Fala de Vilalba* (1916)

No outono de 1916 nace a *Irmandade de amigos d'a fala de Vilalba*, formada por 19 persoas, con Santiago Mato de presidente. Os obxectivos iniciais da Irmandade eran traballar polo ben de Galicia, conservar o idioma, e *levantar a la altura que se merece el teatro y la música gallegos*. Uns fins aos que se axeitaban plenamente as actividades que viñeran facendo toda a vida os Mato Vizoso, que xa amosaran sensibilidade e respecto pola nosa lingua desde as súas primeiras composicións. Os dous irmáns, sen darse importancia e co ánimo de divertir e divertirse, foron autores pioneiros e uns dos precursores do teatro musical en galego.

### *A Romaxe de Tardade* (1916)

Esta é a derradeira obra de Santiago feita con letra do seu irmán Manuel, finado sete anos antes. Está escrita para coro e percusión e ambiéntase na coñecida romaxe chairega.

A composición musical desta obra cadra no tempo coa formación da Irmandade da Fala vilabesa. Uns meses despois, a publicación *A Nosa Terra* dálle os parabéns a Santiago: "A letra, que estaba inédita, é inspiradísima, y a música, chea de arte, d'enxebriismo. Unha cousa notable".

É neste tempo cando *A Nosa Terra* fala de Vilalba como *pobo culto, enxebre e galeguista*.

1

2

3